

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 14 DE XUÑO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Proxecto de Lei do Sistema universitario de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da glorieta no p.q. 33 + 230 da AC-305, no concello da Pobra do Caramiñal.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se dispón que cese José Luis Mira Lema como director xeral de Educación, FP e Innovación.
- Decreto polo que se nomea a Manuel Corredoira López director xeral de Educación, FP e Innovación.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Decreto polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoonosanitaria dos animais equinos en Galicia.

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, os concellos de Ferrol e Narón e *La Sociedad Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, S.A.*, para a construción e explotación da actuación interceptores xerais da marxe dereita da ría de Ferrol, cun importe total de trinta e sete millóns seiscientos dez mil cento sesenta e nove euros (37.610.169,00 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación galegas, para o fomento das exportacións galega-FOEXGA 2012, financiado polo Feder no marco do programa operativo 2007-2013, por importe total dun millón catrocentos sesenta e tres mil trescentos dezaseis euros con vinte e cinco céntimos (1.463.316,25 euros).

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración, asinado o 15 de decembro de 2010, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE, para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centro educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de centro trinta en nove mil cinco euros con corenta e cinco céntimos (139.005,45 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración, asinado o 2 de xaneiro de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (AXPANAEX), para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de sesenta e un dous mil setecentos euros con vinte e sete céntimos (62.700,27 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración, asinado o 8 de setembro de 2011, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Cruz Vermella Española, para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na Comunidade Autónoma

de Galicia, polo importe máximo de cento sesenta e cinco mil oitocentos setenta e un euros e oitenta e nove céntimos (165.871,89 euros).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de implantes de traumatoloxía da xerencia de xestión integrada da Coruña (MS-CHC1-12-004), por un importe total de dous millóns cento vinte e dous mil cincocentos trinta e seis euros con noventa e seis céntimos (2.122.536,96 euros).
- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza dos centros hospitalarios e do arquivo de documentación clínica, necesario para o desenvolvemento da actividade asistencial da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol (AB-ASF1-12-008), por un importe total de sete millóns seiscentos oitenta mil euros (7.680.000,00 euros).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de media tensión de saída da subestación O Corgo-Castroverde, sobre a que cualifica a diversos montes veciñais en man común, pertencentes ás comunidades de montes veciñais en man común de Santo Estevo de Folgosa e Miranda, nos concellos do Corgo e Castroverde, Lugo, promovido por *Unión Fenosa S.A.* Superficie total de afección: 1,8158 ha.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o protocolo de colaboración a subscribir entre a Xunta de Galicia e as deputacións provinciais para unha mellor cooperación territorial.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Itinerario de investigación e innovación sanitaria.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DA LEI DE UNIVERSIDADES

- *O documento completa o desenvolvemento normativo do sistema universitario da actual Xunta, tras aprobar no seu día o Plan de Financiamento e o Decreto de titulacións*
- *Tivéronse en conta as suxestións presentadas polas universidades, consellos sociais, axencias de calidade e sindicatos, de xeito que o texto é froito dun amplo consenso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto da Lei de universidades presentado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que contou cun amplo consenso de todos os actores implicados, desde as propias universidades ata consellos sociais, axencias de calidade, sindicatos etc. Ademais, o Goberno cumpre o compromiso de dotar as universidades dun marco legal integrador, recollido no programa electoral co cal concorreu ás eleccións.

O novo texto persegue a racionalización da oferta docente de titulacións, fomenta a cooperación e a mobilidade interuniversitaria, mellora as estruturas administrativas, reforza a función investigadora, contribúe a unha maior internacionalización das universidades e promociona a igualdade de acceso ao sistema universitario. O proxecto normativo pecha o desenvolvemento normativo que se iniciara co Plan de Financiamento das Universidades e que se enriquecera co Decreto de titulacións, ambos en plena vixencia.

No relativo á lei cómpre lembrar que substitúe, tras máis de 20 anos en vigor, a anterior Lei 11/1989, e que polo tanto a aprobada hoxe adapta o Sistema universitario galego (SUG) ao actual mapa en que está implantado o Espazo Europeo de Educación Superior.

A futura lei recolle no primeiro punto a organización e actividade das universidades respondendo aos principios de eficacia, eficiencia no gasto, xerarquía, desconcentración, descentralización, coordinación e colaboración. Así, cada campus contará coa dotación de persoal en función das súas necesidades. E para os efectos do ingreso nas universidades, todas as públicas de Galicia se constituirán nun único distrito único para os estudos de grao e de máster.

Entre os puntos máis significativos da lei está a creación e o recoñecemento de novas universidades e centros no SUG. Así, prevese que as universidades, tanto públicas como privadas, deberán contar con campus integrados coas estruturas precisas para a organización e o desenvolvemento de ensinanzas conducentes, como mínimo, á obtención de oito títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional. Destes oito é preciso que polo menos catro sexan graos universitarios, e dous sexan programas de doutoramento en dúas ramas do coñecemento.

### **Ensinanzas non presenciais**

As ensinanzas universitarias non presenciais regúlanse por primeira vez. A Xunta promoverá a súa impartición por parte das universidades do SUG co obxectivo de favorecer a cohesión social, o equilibrio territorial e a igualdade de acceso aos estudos superiores universitarios.

### **Mobilidade no SUG**

Outro dos puntos reflectidos neste proxecto é a promoción de medidas para obter unha política homoxénea sobre equipos, negociación colectiva e prestacións asistenciais para o persoal docente e investigador das universidades. Estas e a Xunta facilitarán e fomentarán a mobilidade do persoal docente e investigador a través de concursos de traslados.

Ademais, as universidades establecerán canles de colaboración e coordinación que permitan un óptimo aproveitamento dos recursos humanos do SUG. Con esta finalidade, formalizarán convenios de colaboración para que o seu persoal poida desprazarse temporalmente ou con dedicación parcial a centros fóra da súa universidade.

### **Desenvolvemento normativo**

Coa nova lei darase un paso máis desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de cara ao desenvolvemento normativo no eido universitario. Cómpre destacar que o texto foi consensuado con todos os axentes implicados directamente no eido do ensino universitario de Galicia. Para elaborar este texto obtívose o máximo dos consensos posibles, admitíndose máis do 64% das suxestións presentadas, e coa implicación de todos os axentes da comunidade universitaria; consellos sociais, sindicatos, axencia galega do sistema universitario e órganos de goberno das universidades.

### **Pasos do Goberno galego**

A innovadora normativa universitaria, que será debatida no Parlamento, engádese ao Plan de Financiamento universitario asinado a finais do 2010 no que xa resaltaran a importancia do financiamento crecente por resultados valorado a través de máis de 30 indicadores, e á sustentabilidade financeira.

Do mesmo xeito, no 2011 deuse un paso máis co Decreto de titulacións, racionalizando a oferta a partir dunha exixencia de niveis mínimos de demanda ao mesmo tempo que se desenvolveron novas titulacións adaptadas á contorna.

Con esta lei, que refunde toda a lexislación universitaria actualmente dispersa -derróganse catro leis-, péchase o ciclo lexislativo. Ademais, actualiza todas as actividades universitarias cunha visión moderna, establecendo as liñas xerais de actuación para unha universidade competitiva baseada nos principios de eficiencia, eficacia, descentralización, colaboración, mobilidade e coordinación.

## **A XUNTA MELLORARÁ A SEGURIDADE VIARIA NA POBRA DO CARAMIÑAL MEDIANTE UNHA GLORIETA NA ESTRADA AC-305 (PADRÓN-RIBEIRA), QUE SE LICITARÁ EN XULLO**

- *O Consello da Xunta aproba o Decreto de utilidade pública que supón iniciar os trámites para a construción dunha rotonda no p.q. 33+230*
- *Esta mellora da seguridade viaria conta cun orzamento base de licitación de 115.000 euros e un período de execución de catro meses*
- *A actuación beneficiará directamente aos preto de 10.000 habitantes que ten o concello coruñés da Pobra do Caramiñal*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto da construción da glorieta no punto quilométrico (p.q.) 33+230 da estrada AC-305 (Padrón-Ribeira), no concello da Pobra do Caramiñal. Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas inicia os trámites de expropiación para a futura execución da glorieta.

Logo da aprobación hoxe deste decreto, a Xunta de Galicia prevé licitar a actuación neste próximo mes de xullo de 2012 a través da Axencia Galega de Infraestruturas, co obxectivo de rematala a principios do 2013.

Esta mellora da seguridade viaria, que conta cun orzamento base de licitación de 115.000 euros, realizarase na intersección existente pola marxe dereita da estrada AC-305 á altura do p.q. 33+230, de maneira que se habilitará un cambio de sentido con carrís de espera para os xiros á esquerda. As actuacións pódense resumir en:

- Ampliación da calzada na intersección para poder dispor o cambio de sentido.
- Fresado e reposición da capa de rodadura da superficie da calzada non afectada pola actuación anterior.
- Reposición da sinalización.
- Reposición de beirarrúas, elementos de drenaxe, iluminación e servizos afectados.

A actuación, que ten un prazo de execución de catro meses, beneficiará directamente aos preto de 10.000 habitantes que ten o concello coruñés da Pobra do Caramiñal.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MANUEL CORREDOIRA LÓPEZ COMO NOVO DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN**

### ▪ *Manuel Corredoira substitúe no cargo a José Luis Mira*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous decretos polos que se nomea a Manuel Corredoira López como novo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación, e se dispón o cesamento de José Luis Mira neste mesmo cargo, respectivamente.

Manuel Corredoira López (A Coruña, 1955) é enxeñeiro industrial pola Universidade Politécnica de Cataluña e licenciado en dereito pola Universidade da Coruña e na actualidade desempeñaba o cargo de subdirector xeral de Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Ademais, forma parte do Corpo de inspectores de Educación e desde 1984 exerce como profesor de ensinanza secundaria na especialidade de formación profesional de organización e procesos de mantemento de vehículos.

A súa traxectoria profesional complétase cos cargos de xefe de estudos do IFP Someso da Coruña entre 1993 e 1997; asesor técnico docente na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en 1997; subdirector xeral de Formación Profesional e de Educación de Adultos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de 1998 a 2000; e subdirector xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación Cultura e Deporte entre os anos 2000 e 2004. Así mesmo, é representante da Administración educativa no Consello Escolar de Galicia e foi presidente do *Comité nacional para o programa Leonardo da Vinci II* do Ministerio de Educación Cultura e Deporte entre 2000 e 2004.

O novo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación tamén participou como coordinador en varios informes e proxectos europeos e nacionais vinculados co eido da educación.

## **A XUNTA REGULA A IDENTIFICACIÓN E ORDENACIÓN SANITARIA DOS CABALOS E A XESTIÓN DOS ÉQUIDOS MOSTRENCOS**

- *O Consello aprobou un decreto do Medio Rural e do Mar que axusta á normativa nacional e comunitaria o relativo á sanidade animal, ás explotacións gandeiras e ao rexistro de movementos deste gando, con especial atención ao mostrenco*
- *A norma regula de xeito innovador o réxime de responsabilidade dos danos causados a particulares polos équidos en liberdade, procurando a convivencia entre os titulares das terras en que pastan e os gandeiros propietarios dos animais e tamén unha maior seguridade viaria*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural e do Mar que regula a identificación e ordenación sanitaria dos cabalos e a xestión dos équidos mostrencos, que serían aqueles que deambulan en liberdade nos espazos agrícolas e forestais, núcleos de poboación ou vías de comunicación sen identificación e sen ter dono coñecido.

Esta norma desenvolve executivamente, de maneira axustada e axeitada á lexislación estatal e comunitaria, todo o relacionado coa sanidade animal, as explotacións gandeiras e o rexistro de movementos de gando equino, cunha especial e innovadora regulación dos mostrencos.

Con este decreto créanse as condicións necesarias para garantir o correcto desenvolvemento da produción equina en Galicia e procúrase, ao tempo, definir unha base normativa que estableza as condicións de convivencia entre os propietarios das terras nas que pastan estes animais e os gandeiros que as usan ou pretenden utilizar, e tamén unha maior seguridade viaria.

### **Definicións básicas**

O decreto establece, entre outras, as definicións básicas de titular de explotación equina, pastos de uso común ou équido mostrenco. Regulamenta tamén a ordenación sanitaria das explotacións, con atención especial ás condicións sanitarias e de benestar animal, entre elas, de xeito expreso, o control da non utilización de instrumentos que limiten a mobilidade dos animais ("trancas" e semellantes).

A norma do Medio Rural e do Mar regula tamén todo o relativo á organización dos pastos de uso en común e ás obrigas tanto dos propietarios dos animais que os aproveiten como dos responsables dos pastos. Neste eido destaca a obriga dos donos dos cabalos mantidos en réxime de semiliberdade de subscribir un seguro civil de danos fronte a terceiros, para o cal se poderán establecer axudas desde a Xunta.



### **Cabalos mostrencos**

En relación cos cabalos mostrencos, créase un rexistro público específico de espazos de acollida de cabalos en liberdade e establécese que os titulares destes espazos que pretendan acollelos deberán solicitar o seu recoñecemento expreso. Ademais, estes terreos terán a condición de explotacións extensivas e deberán cumprir coa normativa vixente.

No decreto aprobado hoxe defínese ademais cando un équido en liberdade está en situación de provocar danos, nos seguintes casos: cando estea nun predio agrícola ou forestal sen consentimento do seu propietario ou cando deambule ceibe por estradas ou por núcleos de poboación.

A norma á que hoxe deu luz verde o Consello da Xunta regula tamén a detección e captura dos équidos en liberdade en situación de provocar danos, concretando as responsabilidades dos titulares dos terreos e da autoridade municipal competente á hora de capturar, trasladar, manter e custodiar estes animais, deixando claro que a Administración autonómica colaborará nestas tarefas.

## **A XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO POR IMPORTE DE 37,6 MILLÓNS DE EUROS QUE PERMITIRÁ ACADAR O COMPLETO SANEAMENTO DA RÍA DE FERROL**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre o Executivo galego, Augas de Galicia, os concellos de Ferrol e Narón e a Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte para levar a cabo os interceptores xerais na ría ferrolá*
- *As obras iranse poñendo en servizo á medida que se vaian rematando, o que permitirá a entrada en funcionamento da depuradora de augas residuais de cabo Poriño*
- *A actuación é esencial para poder eliminar as verteduras de augas residuais á ría de Ferrol e complementase coa obra que a Xunta de Galicia executa de saneamento da marxe sur, que entrará en servizo a finais de 2012*
- *O convenio autorizado hoxe polo Consello eleva o investimento total destinado ao saneamento da ría de Ferrol a 207,6 millóns de euros*

O Consello de Goberno da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, Augas de Galicia, os concellos de Ferrol e Narón e a *Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte* para a execución dos interceptores xerais da marxe dereita da ría de Ferrol. Estas son as obras que permitirán a posta en servizo da depuradora de augas residuais de cabo Poriño.

A actuación é esencial para poder eliminar as verteduras de augas residuais á ría de Ferrol. Os actuais interceptores que recollen as augas residuais das redes de saneamento de Ferrol e Narón para transportala cara á nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de cabo Poriño están moi deteriorados, o que ocasiona que a citada EDAR aínda non entrara en servizo. Ademais, cómpre adaptalos aos requirimentos ambientais que exige a produción marisqueira da ría, completándoos con elementos de control da auga de chuva.

A solución proposta recollerá as seguintes actuacións:

- 1.- Rehabilitación ou substitución do interceptor xeral existente, en función do seu estado de conservación e da súa capacidade hidráulica.
- 2.- Execución de colectores de marxe que permitan recoller a rede secundaria de colectores e reconducila ás estruturas de regulación previamente á súa conexión ao interceptor xeral.
- 3.- Execución de estruturas de regulación que permitan xestionar convenientemente a auga residual en tempo de choiva, garantindo o cumprimento dos estándares de calidade do medio receptor (ría de Ferrol).

4.- Rehabilitación e/ou execución dos bombeos necesarios ao longo do trazado do interceptor xeral.

A previsión é que as obras se liciten na primeira quincena do mes de xullo e á medida que se vaia avanzando nelas irase poñendo o colector en servizo, de modo que o máis axiña sexa posible comezar a traballar coa estación depuradora. O remate de todas as actuacións acadarase no ano 2015.

En liñas xerais a sociedade estatal Acuanorte comprométese a redactar o proxecto, licitar, adxudicar e dirixir as obras, a asumir a explotación posterior da EDAR e a adiantar o cofinanciamento do 10% da actuación, que despois se repercutirá nos concellos mediante o pagamento dunha tarifa á finalización das obras. Pola súa banda, a Xunta cofinancia o restante 10%, que completa o cofinanciamento dos fondos FEDER (80% do total)

Hai que sinalar que a Xunta de Galicia realiza un grande esforzo para que esta actuación sexa posible nun contexto de crise xeneralizado e posibilita coa súa achega que se materialice un investimento útil e produtivo de máis de 37 millóns de euros. A Xunta de Galicia financiará a través da entidade pública empresarial Augas de Galicia a cantidade.

### **Investimentos totais**

Tanto a Xunta como o Estado levan investidos ata o de agora 170 millóns de euros na ría de Ferrol, dos que 82,5 foron achegados pola Administración autonómica.

Dese investimento, 102,9 millóns corresponden á marxe norte, financiada polo Estado cunha achega do 15% por parte da Xunta (15,4 millóns de euros); e 67,1 millóns de euros á marxe sur, financiada polo Goberno galego na súa totalidade.

O convenio autorizado hoxe polo Consello eleva o investimento total destinado ao saneamento da ría de Ferrol a 207,6 millóns de euros

### **Marxe norte**

Baixo a denominación de condución de augas residuais, depuración e verteduras de Ferrol, declarada de interese xeral do Estado pola Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional, nos últimos anos executáronse unha serie de obras encamiñadas á depuración das augas residuais da marxe dereita da ría de Ferrol. Augas de Galicia asinou diferentes convenios coa Administración do Estado para cofinanciar estas actuacións, que están xa rematadas, pero sen entrar aínda en servizo á espera da execución das obras cuxo convenio hoxe autoriza o Consello da Xunta.

A EDAR de cabo Prioriño contou cun orzamento actualizado de 35.172.456,58 euros, dos que Augas de Galicia achegou o 15% do investimento, 5.275.868,49 euros. Trátase dunha estación depuradora de 6 hectáreas, que permitirá o tratamento dun

caudal medio de 1150 l/s, cun sistema de tratamento de lodos activos de alta carga e desinfección do efluente por radiación ultravioleta.

Complementario á EDAR é o emisario submarino cabo Poriño, cun orzamento de 12.072.176,94 euros, dos que Augas de Galicia achegou o 15%, 1.810.826,54 euros. Consistiu na construción dun emisario submarino con máis de 1.000 m de lonxitude.

Por último, foi necesario cruzar a enseada da Malata e construír un importante bombeo coa obra de cruzamento, impulsión da Malata e emisario terrestre: A Malata-EDAR cabo Poriño, cun orzamento de 55.804.440,47 euros. Augas de Galicia achegou o 15% do investimento, o que ascendeu a 8.370.666,07 euros. Comprende a execución do cruzamento da enseada da Malata desde Ferrol, unha estación de bombeo e a impulsión para conexión co emisario terrestre, que leva a auga por un túnel hidráulico de 7.344 m de lonxitude e 3 m de diámetro ata a EDAR de cabo Poriño.

### **Saneamento da marxe sur da ría**

O saneamento e depuración da marxe sur da ría está a executalos a Xunta de Galicia integramente, coa actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, o que implica o saneamento dos concellos de Ares, Fene e Mugaros, así como do polígono de Vilar do Colo. Isto implica a depuración dunha carga correspondente a 40.000 h-e. A actuación, adxudicada no seu día por 67.144.905,52 euros, inclúe a construción das obras e a súa explotación durante 20 anos por parte da Xunta de Galicia.

A súa filosofía prevé recoller os actuais puntos de vertedura da península de Ares – Fene – Mugaros e conducirlos cara unha única instalación, na que se tratarán para a súa vertedura. Inclúe:

- Colectores en construción: máis de 38 km, con 5 pozos de bombeo e 23 tanques de tormenta para control dos alivios en orixe (redes existentes unitarias).
- EDAR biolóxica de aireación prolongada, con eliminación de nutrientes e desinfección, deseñada para 40.000 h-e. Situarase en punta Avarenta, concello de Ares.
- Prevese a súa posta en funcionamento para finais do ano 2012. A día de hoxe trabállase na instalación de equipamentos da depuradora e neste verán executarase a parte correspondente ao emisario submarino.

### **Actuacións previstas**

A maiores de todas estas actuacións resta aínda a continuación do colector interceptor da marxe dereita da ría ata a parte máis interna dela, así como o saneamento da enseada da Malata. Ambas as actuacións está previsto que se executen tamén antes do ano 2015 e xa se está a traballar na súa definición, no primeiro dos casos por parte da Sociedade Estatal Acuanorte e no segundo (A Malata), por parte da Xunta de Galicia.



## **O APOIO DA XUNTA MANTÉN O PLAN DE FOMENTO DAS EXPORTACIÓNS GALEGAS DOTADO CON 2,4 MILLÓNS PARA IMPULSAR O COMERCIO INTERNACIONAL DAS PEMES**

- *O Foexga, en colaboración coas cámaras de comercio, suma unha dotación total de 14,3 millóns de euros en toda a lexislatura*
- *A Consellería de Economía e Industria incrementa ata o 60% o financiamento do plan, tres puntos máis que na pasada edición*
- *O Goberno presta un apoio decisivo ás 9 cámaras galegas ao facer posible o desenvolvemento do Foexga, unha iniciativa fundamental nos servizos que prestan as cámaras na comunidade*
- *O plan, no que participan 1.070 empresas, permitiu no 2011 levar a cabo 56 misións, encontros, visitas e participacións en feiras, mentres que en 2012 está previsto chegar ás 73 accións*

O Consello da Xunta acaba de autorizar á Consellería de Economía e Industria para a sinatura do Plan de Fomento das Exportacións Galegas coas 9 cámaras de comercio galegas, que na edición de 2012 contará cunha achega total de 2,4 millóns de euros, para facilitar a posta en marcha de iniciativas que favorezan o crecemento das exportacións galegas e a apertura das pequenas e medianas empresas a mercados en crecemento, un plan que xa suma máis de 14,3 millóns de euros en toda a lexislatura.

A Xunta renova nesta edición o compromiso co Plan de Fomento das Exportacións Galegas e coas cámaras de comercio, facendo posible o mantemento do Foexga ao aumentar a achega da Consellería de Economía e Industria en tres puntos ata alcanzar o 60% do financiamento. Deste xeito, o Goberno presta un apoio decisivo ás cámaras facendo posible o desenvolvemento do Foexga, unha iniciativa de apoio á internacionalización das empresas galegas fundamental dentro dos servizos que prestan as 9 cámaras de comercio na comunidade.

A Consellería de Economía e Industria reactiva o Foexga como froito do traballo e a colaboración coas cámaras e as empresas galegas destinado á posta en marcha de misións empresariais en mercados de interese, a acollida de misións de países que visitan a nosa comunidade con intereses comerciais, así como para facer posible que as empresas galegas poidan estar presentes en grandes feiras internacionais.

Deste xeito, o pasado ano, este plan permitiu levar a cabo 56 misións, encontros empresariais, visitas e participación en feiras internacionais, mentres que no 2012 está previsto chegar a 73 actuacións en misións e feiras a prol da internacionalización das pemes galegas.

En total, preto de 1.070 empresas participan no Foexga co obxectivo de manter relacións comerciais nos mercados de países como Reino Unido, Portugal, Bélxica,

Luxemburgo, Dinamarca, Rusia, Croacia, Eslovenia, Bosnia, Romanía, Alemaña, Francia, Italia, Xapón, China, Taiwán, Corea do Sur, India, Qatar, México, Panamá, Estados Unidos, República Dominicana, Canadá, Colombia, Venezuela, Brasil, Chile, Arxentina, Angola, Marrocos, Túnez, Guinea Ecuatorial, Sudáfrica, Nova Zelandia ou Australia.

O apoio ao Plan de Fomento das Exportacións inclúese na estratexia da Xunta a prol da internacionalización da empresa galega, como a alternativa máis eficaz para favorecer o crecemento empresarial, un obxectivo ao que a Consellería de Economía e Industria ten destinado uns apoios que suman 77,5 millóns de euros nesta lexislatura, o que supón ter multiplicado por 4 os recursos neste eido, en relación coas cifras rexistradas a finais da pasada lexislatura.

Ao abeiro desta estratexia, ademais de iniciativas como o Plan Foexga, o Plan Pipe, a Rede Pexga ou as axudas do Igape á internacionalización, a Consellería tamén continúa a pór en marcha iniciativas novidasas como o programa Re-Acciona, que inclúe a posibilidade de que expertos fagan diagnoses gratuítas ás empresas das posibilidades de internacionalización, ou o programa Re-Export, que facilita ás empresas o financiamento necesario para que poidan afrontar as súas actividades cotiás de exportación.

## **CULTURA E EDUCACIÓN FACILITARÁ O TRANSPORTE ESCOLAR DE 122 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES COA COLABORACIÓN DE AMENCER-ASPACE, ASPANAEX E CRUZ VERMELLA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura das addendas de convenios con estas asociacións*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará o transporte escolar de 122 alumnas e alumnos con discapacidades, a través da renovación dos convenios coa Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns Amencer-Aspace, coa Asociación en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual (AXPANAEX) e coa Cruz Vermella, coas que se vén colaborando para tal fin. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura das correspondentes addendas, das que se beneficiarán no curso 2012/2013 académico estudantes das catro provincias galegas.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro dos convenio, as ditas asociacións comprométense a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Cultura e Educación continúa a dar cumprimento ao seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, reforzado a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste sentido cómpre lembrar que se vén de autorizar a sinatura dun acordo de colaboración coa Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (Grumico) para o traslado de 15 alumnos con discapacidade aos seus respectivos centros educativos.



**O SERGAS AFORRARÁ PRETO DE 300.000 EUROS AO ANO COA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE IMPLANTES DE TRAUMATOLOXÍA DA XERENCIA DA XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA**

- *Contribúese á sustentabilidade do sistema sanitario público galego mantendo a calidade do servizo e a seguridade para o paciente*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva de implantes de traumatoloxía da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

O orzamento do contrato é de 2.122.536,96 euros para un período de dous anos. Esta contratación permitirá acadar un aforro mínimo de 298.638 euros anuais. Isto equivale a unha redución dun 13,2% respecto ao gasto nestes produtos no exercicio 2011, grazas á capacidade de xestión da Administración sanitaria.

Desta forma búscase obter a mellor relación calidade/prezo a través dun procedemento de compra agregada mediante acordos marco de subministración sucesiva atendendo á demanda dos hospitais da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña.

Así, contribúese á sustentabilidade do sistema sanitario público galego ao reducir o custo do funcionamento dos procesos de traumatoloxía intervencionista mantendo a calidade do servizo e a seguridade para o paciente.

## **O SERGAS AFORRARÁ PRETO DE MEDIO MILLÓN DE EUROS NO SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS HOSPITALARIOS E NO ARQUIVO DE DOCUMENTACIÓN CLÍNICA DA XERENCIA INTEGRADA DE FERROL**

- *O alcance, características e requisitos deste procedemento cumpren co exigido pola 'Guía de limpeza para os hospitais da rede pública de Galicia', editada pola Consellería de Sanidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de limpeza dos centros hospitalarios e do Arquivo de Documentación Clínica da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol, dándolle así continuidade, a través de concurso público, a un servizo que se está a prestar na actualidade.

O alcance, características e requisitos deste procedemento cumpren co exigido pola *Guía de limpeza para os hospitais da rede pública de Galicia*, editada pola Consellería de Sanidade.

O orzamento é de 7,6 millóns de euros para un período de dous anos. Esta contratación permitirá acadar un aforro mínimo de 490.524 euros en dous anos con respecto ao importe de adxudicación do procedemento anterior, o que equivale a unha redución do 6%.

A contratación deste servizo ten un período de duración de dous anos coa posibilidade de dous anos de prórroga adicionais. Este procedemento enmárcase na estratexia Sergas de incrementar a eficiencia, mantendo a calidade do servizo e a seguridade para o paciente e contribuíndo á sustentabilidade do sistema sanitario público galego.

## **A XUNTA APROBA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUNHA LIÑA DE MEDIA TENSIÓN SOBRE MONTES COMUNAIS NO CORGO E CASTROVERDE**

- ***O acordo do Consello comprende unha superficie de 1,8 hectáreas de montes veciñais en man común nestes dous concellos lucenses***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto de liña de media tensión de saída da subestación O Corgo-Castroverde, sobre a que cualifica a diversos montes veciñais en man común, pertencentes ás comunidades de Santo Estevo de Folgosa e Miranda, en ambos os concellos lucenses.

Trátase dos montes Carboeiro, Coto, Cobas, Rapatoso e Outeiro, da comunidade de Santo Estevo de Folgosa e dos de Chao da Serra e Chao da Travesa, na de Miranda.

Este proxecto -que conta cunha superficie total de afección de 1,8 hectáreas- permitirá mellorar a subministración eléctrica no contorno do Corgo e Castroverde.

En aplicación do artigo 6 do regulamento da Lei de montes veciñais en man común acordouse declarar a prevalencia da utilidade pública deste proxecto, tendo en conta o servizo que se vai prestar.

## **A XUNTA E AS DEPUTACIÓNS SUMARÁN ESFORZOS E REFORZARÁN A COOPERACIÓN NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS**

- *O Consello dá conta dun protocolo de colaboración para que estas administracións operen de forma sincronizada e eviten duplicidades, baixo a premisa “unha Administración, unha competencia, un servizo”*
- *O documento abrangue cuestións fundamentais para a cidadanía como os servizos sociais, a coordinación en materia de investimentos, a atención ás emerxencias ou as actividades formativas*

O Consello da Xunta de hoxe deu conta dun protocolo de colaboración entre o Goberno autonómico e as deputacións provinciais galegas para maximizar as posibilidades de cooperación e fortalecer a prestación dos servizos públicos.

Así, entre os obxectivos específicos deste documento marco está afondar nas dinámicas de cooperación institucional entre o nivel local e autonómico e acadar unhas administracións públicas que operen sobre o territorio de forma sincronizada e sen duplicidades, avanzando cara á premisa “unha Administración, unha competencia, un servizo”.

Ademais, o protocolo pretende redefinir o papel das deputacións provinciais nas súas funcións de asistencia, asesoramento e cooperación intermunicipal, nomeadamente no apoio aos concellos máis pequenos e con menor nivel de recursos; impulsar sinerxías que promovan a prestación supramunicipal de determinados servizos e mellorar a calidade e cobertura dos servizos públicos, como resultado dunha concentración de esforzos e dunha planificación integral e globalizada sobre o territorio.

En definitiva, trátase dun paso máis dentro da aposta da Xunta pola colaboración entre administracións e a suma de esforzos para ser máis eficientes e garantir o mantemento da calidade na prestación de servizos públicos.

Neste sentido, o texto abrangue cuestións específicas tan fundamentais para a cidadanía como os servizos sociais; os investimentos en equipamentos sociais, culturais, deportivos ou turísticos, obras en contornas urbanas e infraestruturas hidráulicas; a atención ás emerxencias ou as actividades formativas; entre outras.

Deste xeito, a Xunta e as catro deputacións comprométense a garantir a continuidade e estabilidade da prestación dos servizos sociais comunitarios por parte das corporacións locais; prestando asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos máis pequenos e aos que teñan menor capacidade financeira.

Ademais, tamén se asume o compromiso de avanzar na planificación conxunta dos seus investimentos en equipamentos sociais, culturais e turísticos, nos deportivos, nas obras en contornas urbanas e nas infraestruturas hidráulicas. Para isto, tomaranse como referencia os instrumentos de planificación actualmente en vigor, tanto da Xunta como das deputacións.

No tocante á atención ás emerxencias, o documento marco recolle que as deputacións e a Xunta colaborarán cos gobernos municipais na posta en marcha dun plan de asistencia ás emerxencias, que teña como obxectivo a cobertura da totalidade do territorio galego e que permita compatibilizar o modelo dos parques provinciais contraincendios coa reformulación e profesionalización dos actuais Grumir. Todo isto levarase a cabo no marco do mapa de emerxencias de Galicia que para estes efectos se defina en colaboración coa Fegamp.

Finalmente, outro dos aspectos recollidos no acordo é o compromiso das cinco administracións de planificar conxuntamente todas as actividades formativas dirixidas ao persoal ao servizo das entidades locais de Galicia, para o cal se elaborará un plan de formación para o persoal ao servizo da Administración local de Galicia.

## **OS MÓDULOS QUE FORMAN O ITINERARIO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN SANITARIA RECIBIRON MÁIS DE 5.000 ACCESOS EN LIÑA DESDE O MES DE MARZO**

- *Este proxecto presenta un modelo de formación telemática e aberta, no cal o profesional decide os contidos que lle interesan no momento en que os necesita*
- *Nel difúndense coñecementos prácticos a través de pequenas e sintéticas píulas formativas de 20-25 minutos de duración*

O Itinerario de investigación e innovación biosanitaria é unha iniciativa de colaboración entre a FEGAS e a Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación do Servizo Galego de Saúde para implementar un proxecto de innovación formativa, en construción permanente, que posibilite unha xestión efectiva da circulación do coñecemento. Os módulos que conforman este proxecto en liña recibiron máis de 5.000 visitas desde a súa posta en marcha o pasado mes de marzo.

Fronte á formación presencial -cun predominio teórico, contidos ríxidos e que require de investimento de moitas horas-, este proxecto presenta un modelo de formación telemática e aberta, no que é o profesional quen decide os contidos que lle interesan no momento e lugar onde os necesita.

Así, o obxectivo deste proxecto é encapsular conceptos, para despois permitir o libre acceso a ese coñecemento por parte doutros profesionais. O Itinerario constrúese cun formato multimedia -vídeo máis soporte documental- que permite difundir coñecementos prácticos a través de pequenas e sintéticas píulas formativas de 20-25 minutos de duración. A información está accesible na web do Servizo Galego de Saúde, no enderezo <http://www.sergas.es/itinerario.innovacion>.

Esta medida ofrece respostas concretas a preguntas claves da I+D+i, adaptadas aos tempos actuais no que atinxe aos contidos, á tecnoloxía e aos servizos, coa sinxeleza como guía. Con ela, a Administración sanitaria galega pretende, desde unha perspectiva construtiva e colaborativa, achegar datos aos profesionais a través das novas tecnoloxías para dar resposta ás súas necesidades reais co obxectivo de achegar valor ao sistema.

O Itinerario formativo está dividido en catro módulos: metodoloxía da investigación; bioestatística; proxectos e xestión da investigación e innovación; e xestión de Resultados. Cada un deles está formado por diferentes píulas (34 en total) onde os profesionais achegan o seu coñecemento para aclarar cuestións concretas de investigación e innovación sanitaria. Ademais, eles mesmos poden participar activamente na xeración de novas propostas; deste xeito, constrúen o seu propio itinerario de investigación coa ferramenta tecnolóxica proporcionada.

O proxecto actúa arredor de dous eixos: o profesional como xerador de novos contidos –sensibilizando o persoal sanitario con potencialidade de desenvolver nova información sobre os beneficios da cultura da innovación e a utilización das novas tecnoloxías – e a participación activa e dinámica na xeración de novas propostas, abrindo unha porta de participación para facer chegar directamente comentarios e suxestións a través dun enderezo específico de correo electrónico.